



O Software libre nas empresas de Galicia

Edición 2018

XUNTA DE GALICIA

Edita: Xunta de Galicia
Presidencia
Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega)

Lugar: Santiago de Compostela
Ano de publicación: 2019

Este documento distribúese baixo licenza Creative Commons 3.0.
Recoñecemento – Compartir baixo a mesma licenza dispoñible en:
<http://creativecommons.org/licenses/by-sa/3.0/deed.gl>

O Software libre nas empresas de Galicia Edición 2018

Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia (OSIMGA)

Xunta de Galicia

Presidencia

Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega)
Santiago de Compostela

2018

Índice

INTRODUCCIÓN	5
METODOLOXÍA DO ESTUDO	6
I. O SOFTWARE LIBRE NAS EMPRESAS DE GALICIA	7
I.1.Principais datos do Software libre	8
II. ANÁLISE SECTORIAL	33
III.ANÁLISE PROVINCIAL	42
IV. CONCLUSIÓNS	51

INTRODUCCIÓN

O obxectivo deste estudo é analizar o nivel de implantación e uso do Software libre nas empresas de Galicia, contribuíndo ao coñecemento e ao impulso dos modelos baseados en Software libre e as súas vantaxes competitivas.

Este informe foi realizado polo Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia (OSIMGA), adscrito á Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega), no marco das iniciativas impulsadas pola Axenda Dixital da Xunta de Galicia 2020 e do Plan de Acción en materia de Software libre.

O estudo analiza en detalle, e cunha perspectiva sectorial e provincial, información cuantitativa tanto de microempresas como de empresas de 10 e máis traballadores/as, relacionada cos principais indicadores de Software libre, estruturando a información en tres capítulos:

- O Software libre nas empresas de Galicia: neste capítulo preséntanse os datos máis significativos que ofrecen unha visión xeral da situación, do seu grao de avance e comparativas co resto de comunidades autónomas. Ademais, afóndase nas seguintes cuestións:
 - Principais tipoloxías de Software libre empregadas: sistemas operativos, navegadores de Internet, aplicacións ofimáticas, servidores de web/Internet, aplicacións de Software libre para o procesamento automático de información tipo ERP/CRM, outras tipoloxías como software de seguridade, plataformas de aprendizaxe e servidores de correo electrónico.
 - Motivos para non empregar Software libre: descoñecemento e falta de motivacións, problemáticas da migración, inercia do mercado, percepción de falta de calidade, falta de apoio das administracións ou outras razóns.
- Análise sectorial: analízase a influencia do tipo de actividade que desenvolve a empresa na adopción do Software libre, segundo se dedique ao sector da Industria, da Construción ou pertenza ao sector Servizos.
- Análise provincial: analízase a influencia da localización xeográfica da sede da empresa na adopción e uso do Software libre.

Tamén se ofrece información diferenciada para dous segmentos empresariais:

- Empresas con sede en Galicia
- Empresas con actividade en Galicia, aínda que a súa sede non se estableza na Comunidade Galega.

METODOLOXÍA DO ESTUDO

Definición de Software libre

Entendemos por Software libre calquera programa informático que pode ser executado, copiado, distribuído, estudado, cambiado e/ou mellorado sen necesidade de permiso nin pago de licenzas de uso ao seu desenvolvedor. De modo máis preciso, Software libre é aquel que concede aos usuarios as catro liberdades:

- Liberdade 0. Liberdade de usar o programa con calquera propósito.
- Liberdade 1. Liberdade de estudar como funciona o programa e adaptalo ás necesidades particulares. Unha condición necesaria para isto é o acceso ao código fonte.
- Liberdade 2. Liberdade de distribuír copias a calquera.
- Liberdade 3. Liberdade de mellorar o programa e facer públicas as melloras, de xeito que toda a comunidade se beneficie. Unha condición necesaria para isto é o acceso ao código fonte.

O software que non reúne algunha das liberdades anteriores denomínase software privativo. Normalmente o usuario non dispón de acceso ao código fonte e polo tanto nin pode estudalo, nin modificalo; tampouco pode copialo nin distribuílo libremente. Ademais, este tipo de software soe levar aparelado un custe de adquisición de licenzas de uso variable en función do número de usuarios do mesmo.

Fonte de información

Este estudo foi elaborado no marco do convenio de colaboración asinado entre a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega), o Instituto Galego de Estatística (IGE) e o Instituto Nacional de Estatística (INE), para optimizar a recollida dos datos relativos á Sociedade da Información nas empresas galegas. Este acordo de colaboración asinado proporciona unha ampliación dos indicadores de Software libre para Galicia.

I. O SOFTWARE LIBRE NAS EMPRESAS DE GALICIA

- **Aumentou nun 10,3% a porcentaxe de microempresas que empregan Software libre (60%).**
- **No 2018, o 87,8% das empresas de 10 ou máis traballadores / as con sede en Galicia empregou aplicacións de Software libre.**
- **Galicia permanece na quinta posición respecto ao uso do Software libre en comparación con outras Comunidades Autónomas.**


I. O SOFTWARE LIBRE NAS EMPRESAS DE GALICIA

I.1. Principais datos do Software libre

Durante o 2018 o uso de Software libre continuou incrementando a súa presenza nas empresas galegas, aínda que concentrado nas microempresas de 0 a 9 empregados / as (aumento de 5,6 puntos porcentuais). Nas empresas de 10 ou máis traballadores / as, máis do 87% das entidades contan con Software libre.

G.1. EMPRESAS CON SOFTWARE LIBRE

(% sobre o total de empresas)




Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir de datos INE, facilitados a través do IGE

G.2. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Empresas de 10 e máis empregados/as con Software libre

(% sobre o total de empresas de 10 e máis empregados/as)



Fonte: OSIGMA-INE


O uso de Software libre entre as empresas galegas de 10 ou máis empregados /as supera a media estatal (87,4%) e a de Comunidades como Madrid (87,3%) ou País Vasco (85,6%), igualando en porcentaxe coas empresas de Cantabria e Cataluña (87,7%).

Se comparamos o grao de utilización de Software libre entre as diferentes Comunidades Autónomas, nas empresas de 10 ou máis traballadores / as observamos que Galicia atópase nunha posición destacada respecto ás restantes Comunidades, continuando nun significativo quinto posto.

G.3. COMPARACIÓN GALICIA, ESPAÑA E CC.AA.

Empresas de 10 e máis empregados/as con Software libre

(% sobre o total de empresas de 10 e máis empregados/as)



Fonte: elaboración do OSIMGA a partir de datos do INE

Nota: Soamente están dispoñibles os datos por CC.AA. para empresas de 10 e máis empregados / as

Nota: No ranking de Comunidades Autónomas non se computan as cidades autónomas de Ceuta e Melilla


No ano 2018 incrementouse en xeral o uso de Software libre nas empresas que posúen menos de 10 empregados / as, reafirmando a importancia do uso deste tipo de aplicacións entre o tecido empresarial. Cabe destacar que o crecemento do uso de Software libre entre as microempresas resulta máis elevado en Galicia (aumento de 5,6 puntos porcentuais) que no conxunto do Estado (incremento de 4,8 puntos).

G.4. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Empresas de 0 a 9 empregados/as con Software libre.

Comparativa Galicia e España

(% sobre o total de empresas de 0 a 9 empregados/as)




Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir de datos INE, facilitados a través do IGE

Analizando o uso do Software libre en función da tipoloxía empregada, obsérvase un crecemento do uso de sistemas operativos. O maior crecemento rexístrase entre as microempresas galegas, con 1,2 puntos porcentuais de incremento, fronte aos 0,5 puntos porcentuais nas empresas de 10 ou máis empregados / as con actividade na nosa Comunidade.

G.5. EMPRESAS QUE EMPREGAN SOFTWARE LIBRE SEGUNDO A TIPOLOXÍA: SISTEMAS OPERATIVOS

(% sobre o total de empresas)




Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir de datos INE, facilitados a través do IGE

G.6. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Empresas de 10 e máis empregados/as que empregan Sistemas Operativos libres

(% sobre o total de empresas de 10 e máis empregados/as)




Fonte: OSIGMA-INE

Comparativamente coa media estatal en canto ao uso de sistemas operativos libres, Galicia supera a media española en 0,5 puntos porcentuais, ocupando o sexto posto no ranking autonómico no segmento empresarial de 10 ou máis asalariados / as, igualando ás empresas de Asturias (40,1%) e superando a Cataluña (37%), País Vasco (36,5%) ou Castela e León (37,6%).

G.7. COMPARACIÓN GALICIA, ESPAÑA E CC.AA.

Empresas de 10 e máis empregados/as que empregan sistemas operativos libres

(% sobre o total de empresas de 10 e máis empregados/as)



Fonte: elaboración do OSIMGA a partir de datos do INE

Nota: Soamente están dispoñibles os datos por CC.AA. para empresas de 10 e máis empregados /as

Nota: No ranking de Comunidades Autónomas non se computan as cidades autónomas de Ceuta e Melilla


Con respecto ás microempresas, a utilización de sistemas operativos libres nestas entidades tamén creceu no derradeiro ano en 1,2 puntos porcentuais. Considerando o período 2014-2018 o crecemento foi de 6,9 puntos porcentuais, similar ao do conxunto do Estado (6,7%).

G.8. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Empresas de 0 a 9 empregados/as que empregan sistemas operativos libres.

Comparación Galicia e España

(% sobre o total de empresas de 0 a 9 empregados/as)




Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir de datos INE, facilitados a través do IGE

Respecto ás aplicacións de Software libre que máis se utilizan nas empresas galegas, os navegadores de Internet son a principal ferramenta, con presenza no 55,1% das microempresas, e nun 85,9% das empresas de 10 ou máis asalariados / as que teñen sede na nosa Comunidade.

G.9. EMPRESAS QUE EMPREGAN SOFTWARE LIBRE SEGUNDO TIPOLOXÍA: NAVEGADORES DE INTERNET

(% sobre o total de empresas)




Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir de datos INE, facilitados a través do IGE

G.10. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Empresas de 10 e máis empregados/as que empregan navegadores de Internet libres

(% sobre o total de empresas de 10 e máis empregados/as)




Fonte: OSIGMA-INE

O uso de navegadores de Internet de Software libre entre as empresas galegas supera en case dous puntos a media estatal, ocupando o terceiro lugar do ranking entre as comunidades autónomas, igualando a Andalucía e Baleares e só superada por Valencia (86,3%) e Murcia (86,6%)

G.11. COMPARACIÓN GALICIA, ESPAÑA E CC.AA.

Empresas de 10 e máis empregados/as que empregan navegadores de Internet de Software libre

(% sobre o total de empresas de 10 e máis empregados/as)



Fonte: elaboración do OSIMGA a partir de datos do INE

Nota: Soamente están dispoñibles os datos por CC.AA. para empresas de 10 e máis empregados /as

Nota: No ranking de comunidades autónomas non se computan as cidades autónomas de Ceuta e Melilla


Respecto ás microempresas galegas, o crecemento entre as que empregan navegadores de Internet de Software libre no 2018 foi de 6,5 puntos porcentuais, superior ao incremento da media estatal (5,9 puntos).

G.12. EVOLUCIÓN DE INDICADOR

Empresas de 0 a 9 empregados/as que empregan Navegadores de Internet de Software libre.

Comparación Galicia e España

(% sobre o total de empresas de 0 a 9 empregados/as)




Fonte: Elaboración do OSIMGGA a partir de datos INE, facilitados a través do IGE

Outras aplicacións con licenza libre de importancia no tecido empresarial, en relación á súa presenza nas empresas galegas, son as aplicacións ofimáticas. A porcentaxe de uso de aplicacións ofimáticas nas microempresas galegas é dun 38,9%. No caso das empresas de máis de 10 traballadores / as, o uso de ofimática libre acada ao 56,8% das empresas con sede en Galicia.

G.13. EMPRESAS QUE EMPREGAN SOFTWARE LIBRE SEGÚN TIPOLOXÍA: APLICACIÓNS OFIMÁTICAS

(% sobre o total de empresas)




Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir de datos INE, facilitados a través do IGE

Non obstante, na gráfica inferior podemos observar que no ano 2018 se produce un leve descenso no uso de aplicacións ofimáticas libres nas empresas galegas de 10 ou máis empregados / as.

G.14. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Empresas de 10 e máis empregados/as que empregan aplicacións ofimáticas de Software libre

(% sobre o total de empresas de 10 e máis empregados/as)



Fonte: OSIGMA-INE


Nota: Non hai datos dispoñibles de empresas multilocalizadas con actividade en Galicia anteriores a 2013

Respecto a outras Comunidades Autónomas, as empresas de 10 e máis empregados / as de Galicia superan en 1,1 punto porcentual a media estatal (55,6%) e sitúanse no octavo posto do ranking nacional en canto ao uso de aplicacións ofimáticas libres.

G.15. COMPARACIÓN GALICIA, ESPAÑA E CC.AA.

Empresas de 10 e máis empregados/as que empregan Aplicacións ofimáticas libres

(% sobre o total de empresas de 10 e máis empregados/as)



Fonte: elaboración do OSIMGA a partir de datos do INE

Nota: Soamente están dispoñibles os datos por CC.AA. para empresas de 10 e máis empregados /as

Nota: No ranking de comunidades autónomas non se computan as cidades autónomas de Ceuta e Melilla


Nas microempresas, pola súa banda, o uso de aplicacións ofimáticas libres mantén cifras homoxéneas no conxunto do Estado dende o ano 2015, mentres que en Galicia creceu en 5,5 puntos porcentuais nos últimos catro anos.

G.16. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Empresas de 0 a 9 empregados/as que empregan Aplicacións ofimáticas libres.

Comparación Galicia e España

(% sobre o total de empresas de 0 a 9 empregados/as)




Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir de datos INE, facilitados a través do IGE

A dispoñibilidade de servidores de web ou de Internet con licenza libre difire sensiblemente en función do tamaño da empresa. Así, a porcentaxe de micropresas que emprega servidores web ou de internet libres é dun 10,2%, e triplícase ata o 31,7% no caso das empresas de 10 ou máis traballadores / as con sede e/ ou actividade en Galicia.

G.17. EMPRESAS QUE EMPREGAN SOFTWARE LIBRE SEGUNDO TIPOLOXÍA: SERVIDORES DE WEB / INTERNET

(% sobre o total de empresas)




Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir de datos INE, facilitados a través do IGE

En termos evolutivos, no 2018 creceu a porcentaxe de utilización de servidores de web ou de Internet de Software libre, aumentando en 0,5 puntos nas empresas de 10 ou máis empregados/as con actividade en Galicia.

G.18. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Empresas de 10 e máis empregados/as que empregan Servidores de web / Internet de Software libre

(% sobre o total de empresas de 10 e máis empregados/as)




Fonte: OSIGMA-INE

A seguinte comparativa referida ao uso de servidores con Software libre, amosa que as empresas galegas de 10 ou máis asalariados / as ocupan o décimo posto entre as Comunidades Autónomas.

G.19. COMPARACIÓN GALICIA, ESPAÑA E CC.AA.

Empresas de 10 e máis empregados/as que empregan servidores de web / Internet de Software libre

(% sobre o total de empresas de 10 e máis empregados/as)



Fonte: elaboración do OSIMGA a partir de datos do INE


Nota: Soamente están dispoñibles os datos por CC.AA. para empresas de 10 e máis empregados /as

Nota: No ranking de comunidades autónomas non se computan as cidades autónomas de Ceuta e Melilla

A análise da evolución das microempresas, indica que no último ano rexístrase un crecemento tanto a nivel nacional como a nivel Galicia, no uso de servidores de web / Internet de Software libre. En Galicia o crecemento foi de 1,4 puntos, mentres que a nivel estatal foi de 1,9 puntos porcentuais.

G.20. COMPARACIÓN GALICIA E ESPAÑA
Empresas de 0 a 9 empregados/as que empregan servidores de web /
Internet de Software libre

(% sobre o total de empresas de 0 a 9 empregados/as)




Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir de datos INE, facilitados a través do IGE

O uso de aplicacións libres para o procesamento automático de datos (para clientes, pedidos ou produtos) denominadas ERP / CRM , tamén difire considerablemente se temos en conta o tamaño da empresa. Nas entidades de 0 a 9 empregados / as é do 4,1%, e nas de 10 ou máis empregados / as, quintuplicase, acadando o 25,4%.

G.21. EMPRESAS QUE EMPREGAN SOFTWARE LIBRE SEGÚN TIPOLOXÍA: APLICACIÓNS PARA O PROCESAMENTO AUTOMÁTICO DE TIPO ERP / CRM

(% sobre o total de empresas)




Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir de datos INE, facilitados a través do IGE

Durante o 2018, a porcentaxe de uso de aplicacións libres para o procesamento automático de datos mantense en valores similares ao ano anterior.

G.22. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Empresas de 10 e máis empregados/as que empregan aplicacións para o procesamento automático de tipo ERP / CRM de Software libre

(% sobre o total de empresas de 10 e máis empregados/as)




Fonte: OSIGMA-INE

A nivel territorial, Galicia ocupa o noveno posto en canto ao uso de aplicacións libres para procesamento automático de información tipo ERP ou CRM. As entidades da nosa Comunidade superan en utilización deste tipo de solucións libres a outras empresas de comunidades como Castela e León, Canarias, Castela A Mancha, Estremadura, Baleares, Cantabria, Asturias e Aragón.

G.23. COMPARACIÓN GALICIA, ESPAÑA E CC.AA.

Empresas de 10 e máis empregados/as que empregan aplicacións para o procesamento automático de tipo ERP / CRM de Software libre

(% sobre o total de empresas de 10 e máis empregados/as)



Fonte: elaboración do OSIMGA a partir de datos do INE

Nota: Soamente están dispoñibles os datos por CC.AA. para empresas de 10 e máis empregados /as

Nota: No ranking de comunidades autónomas non se computan as cidades autónomas de Ceuta e Melilla


Considerando ás microempresas, o uso de ferramentas ERP / CRM con licenza libre mantense en valores similares ao ano anterior, tanto en Galicia como no conxunto de España.

G.24. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Empresas de 0 a 9 empregados/as que empregan aplicacións para o procesamento automático de tipo ERP / CRM de Software libre.

Comparación Galicia e España

(% sobre o total de empresas de 0 a 9 empregados/as)




Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir de datos INE, facilitados a través do IGE

Noutro tipo de aplicacións referidas tanto á Seguridade, como Plataformas de aprendizaxe ou Servidores de correo electrónico, novamente, prodúcense diferenzas significativas en función do tamaño das empresas: o 21,7% das empresas de 0 a 9 empregados / as teñen esta tipoloxía de aplicacións de Software libre fronte ao 41,2% no caso de empresas con 10 ou máis traballadores / as e con sede en Galicia.

G.25. EMPRESAS QUE EMPREGAN SOFTWARE LIBRE SEGUNDO TIPOLOXÍA: OUTRAS APLICACIÓNS COMO SOFTWARE DE SEGURIDADE, PLATAFORMAS DE APRENDIZAXE, SERVIDORES DE CORREO ELECTRÓNICO

(% sobre o total de empresas)




Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir de datos INE, facilitados a través do IGE

No ano 2018 aumentou a porcentaxe de empresas que empregaron solucións libres relacionados coa seguridade, plataformas de aprendizaxe e servidores de correo electrónico respecto ao ano 2017. O incremento, no caso das empresas de 10 e máis empregados/as foi de 6,3 puntos nas que teñen sede na nosa Comunidade.

G.26. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Empresas de 10 e máis empregados/as que empregan aplicacións como software de seguridade, plataformas de aprendizaxe, servidores de correo electrónico de Software libre

(% sobre o total de empresas de 10 e máis empregados/as)




Fonte: OSIGMA-INE

Nunha perspectiva territorial, as empresas galegas de 10 ou máis empregados / as ocupan a segunda posición na comparativa de comunidades autónomas en canto a dispoñibilidade de aplicacións libres tales como software de Seguridade, plataformas de aprendizaxe ou servidores de correo, soamente superadas polas empresas cántabras.

G.27. COMPARACIÓN GALICIA, ESPAÑA E CC.AA.

Empresas de 10 e máis empregados/as que empregan aplicacións como software de seguridade, plataformas de aprendizaxe, servidores de correo electrónico de Software libre

(% sobre o total de empresas de 10 e máis empregados/as)



Fonte: elaboración do OSIMGA a partir de datos do INE

Nota: Soamente están dispoñibles os datos por CC.AA. para empresas de 10 e máis empregados /as

Nota: No ranking de comunidades autónomas non se computan as cidades autónomas de Ceuta e Melilla


Entre as microempresas obsérvase un aumento do uso de solucións libres tanto a nivel Galicia como a nivel estatal. No caso das microempresas galegas o incremento foi de 3,9 puntos porcentuais, superando ás nacionais en 1,7 puntos.

G.28. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Empresas de 0 a 9 empregados/as que empregan aplicacións como software de seguridade, plataformas de aprendizaxe, servidores de correo electrónico de Software libre.

Comparación Galicia e España

(% sobre o total de empresas de 0 a 9 empregados/as)




Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir de datos INE, facilitados a través do IGE

Como novidade, outra das tipoloxías de Software libre observadas refírese ao uso de aplicacións para a análise de Big Data. Neste sentido, as diferenzas son sensibles novamente dependendo do número de empregados / as aínda que a implantación deste tipo de aplicacións de Software Libre é relativamente incipiente.

G.29. EMPRESAS QUE EMPREGAN SOFTWARE LIBRE SEGUNDO TIPOLOXÍA: APLICACIÓNS PARA A ANÁLISE DE BIG DATA

(% sobre o total de empresas)




Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir de datos INE, facilitados a través do IGE

Na comparativa respecto ao ámbito xeográfico, as empresas galegas de 10 ou máis traballadores/as sitúanse na décimo primeira posición respecto ao uso de aplicacións libres relacionadas ca análise Big Data, por riba da porcentaxe de uso das empresas doutras Comunidades como País Vasco, Canarias, Castela a Mancha, Navarra, Aragón ou Estremadura.

G.30. COMPARACIÓN GALICIA, ESPAÑA E CC.AA.

Empresas de 10 e máis empregados/as que empregan aplicacións para a análise de Big Data

(% sobre o total de empresas de 10 e máis empregados/as)



Fonte: elaboración do OSIMGA a partir de datos do INE

Nota: Soamente están dispoñibles os datos por CC.AA. para empresas de 10 e máis empregados/as


Nota: No ranking de comunidades autónomas non se computan as cidades autónomas de Ceuta e Melilla

Na comparativa nacional, o nivel de uso das aplicacións de software libre para analizar Big Data entre as microempresas resulta residual.

G.31. COMPARATIVA GALICIA E ESPAÑA

Empresas de 0 a 9 empregados/as que empregan Aplicacións para a análise de Big Data.

(% sobre o total de empresas de 0 a 9 empregados/as)



Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir de datos INE, facilitados a través do IGE

Indicador introducido no 2018

II. ANÁLISE SECTORIAL



- **As empresas do Sector Servizos empregan Software libre en maior medida que noutras actividades empresariais.**


II. ANÁLISE SECTORIAL

Este capítulo analiza o uso do Software libre en relación aos sectores nos que desenvolven a súa actividade as empresas, clasificadas nos sectores Industriais, Construción e Servizos.

Referíndonos ao indicador principal, respecto do uso de Software libre, obsérvanse diferenzas salientables atendendo ao sector. Destaca a frecuencia de uso de solucións libres nas empresas de Servizos, tanto nas de 0 a 9 traballadores / as (64,5%), como nas de máis persoal (90,6%), o que ratifica a importancia nesta actividade.

No sector da Construción é onde se rexistra a menor porcentaxe de uso de aplicacións de Software libre.

G.32.EMPRESAS CON SOFTWARE LIBRE SEGUNDO A ACTIVIDADE
(% sobre o total de empresas con sede en Galicia)




Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir de datos INE, facilitados a través do IGE

No relativo aos sistemas operativos libres, de novo o sector servizos volve a sobresaír, independentemente do tamaño da entidade: 27,4% no caso das microempresas e un 47,9% no caso das empresas de 10 ou máis empregados/as, o que representa unha diferenza significativa con respecto ás empresas de construción.

G.33.EMPRESAS QUE EMPREGAN SISTEMAS OPERATIVOS LIBRES SEGUNDO A ACTIVIDADE

(% sobre o total de empresas con sede en Galicia)




Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir de datos INE, facilitados a través do IGE

Atendendo ás diferenzas entre as distintas tipoloxías de software, no caso dos navegadores de Internet volve destacar a frecuencia de uso deste equipamento nas empresas galegas dedicadas ao sector servizos. Nas microempresas, a porcentaxe sitúase nun 59,4%, mentres que nas empresas de 10 e máis empregados /as do sector de servizos, a porcentaxe de uso de navegadores de Internet con licenza libre é dun 87,8%.

G.34. EMPRESAS QUE EMPREGAN NAVEGADORES DE INTERNET DE SOFTWARE LIBRE SEGUNDO A ACTIVIDADE

(% sobre o total de empresas con sede en Galicia)




Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir de datos INE, facilitados a través do IGE

En canto ao uso de aplicacións ofimáticas libres, obsérvanse datos destacables desta tipoloxía de software, especialmente atendendo ao sector combinado coa variable tamaño: no caso das microempresas do sector da Industria, a porcentaxe acada un 48,7%, fronte ao 28,1% das microempresas adicadas á Construción. Nas empresas de máis de 10 empregados / as o dato que destaca de novo é o das entidades adicadas ao Servizos, cun 63%, fronte ao 47,2% das empresas que traballan na Construción.

G.35.EMPRESAS QUE EMPREGAN APLICACIÓNS OFIMÁTICAS DE SOFTWARE LIBRE SEGUNDO A ACTIVIDADE

(% sobre o total de empresas con sede en Galicia)




Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir de datos INE, facilitados a través do IGE

Nas empresas do sector servizos rexístrase novamente a maior porcentaxe de uso dos servidores de web e Internet de Software libre, cun 11,8% nas empresas de 0 a 9 empregados / as e un 30% nas de 10 e máis empregados/as.

G.36. EMPRESAS QUE EMPREGAN SERVIDORES DE WEB / INTERNET DE SOFTWARE LIBRE SEGUNDO A ACTIVIDADE

(% sobre o total de empresas con sede en Galicia)




Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir de datos INE, facilitados a través do IGE

Respecto ás aplicacións libres relacionadas co procesamento automático de datos (programas tipo ERP ou CRM), dáse un maior uso novamente nas empresas con actividade no sector Servizos, especialmente nas de 10 e máis traballadores / as (23,1%). No caso das empresas de 0 a 9 empregados / as, son as industriais, cun 8,3% as que máis destacan.

G.37. EMPRESAS QUE EMPREGAN APLICACIÓNS LIBRES PARA O PROCESAMENTO AUTOMÁTICO DE TIPO ERP / CRM SEGUNDO A ACTIVIDADE

(% sobre o total de empresas con sede en Galicia)




Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir de datos INE, facilitados a través do IGE

Outras aplicacións analizadas, de interese para as empresas, como as aplicacións de seguridade, plataformas de aprendizaxe ou servidores de correo electrónico, están de novo máis presentes nas empresas de Servizos, tanto nas microempresas (24,4%) como nas de 10 ou máis empregados / as (43,2%).

G.38.EMPRESAS QUE EMPREGAN APLICACIÓNS LIBRES COMO SOFTWARE DE SEGURIDADE, PLATAFORMAS DE APRENDIZAXE, SERVIDORES DE CORREO ELECTRÓNICO SEGUNDO A ACTIVIDADE

(% sobre o total de empresas con sede en Galicia)




Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir de datos INE, facilitados a través do IGE

Coincido coa tendencia detectada nos indicadores anteriormente nomeados, o Sector Servizos é onde se observa o maior uso de aplicacións libres relacionadas coa análise do Big Data, tanto nas microempresas (0,4%) como nas de máis persoal (5,6%).

G.39. EMPRESAS QUE EMPREGAN APLICACIÓNS LIBRES COMO APLICACIÓNS PARA A ANÁLISE DO BIG DATA SEGUNDO A ACTIVIDADE

(% sobre o total de empresas con sede en Galicia)



Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir de datos INE, facilitados a través do IGE

III. ANÁLISE PROVINCIAL



- **As empresas coruñesas de 0 a 9 traballadores / as son as que máis empregan Software libre, cun 65,2%.**
- **As empresas ourensáns de 10 ou máis traballadores /as, cun 91,8% son as que máis utilizan aplicacións con licenza libre.**


III. ANÁLISE PROVINCIAL

Este capítulo céntrase na análise xeográfica para avaliar a importancia dos distintos indicadores de Software libre en cada provincia galega.

A primeira diferenza a salientar é a existente no uso de Software libre entre as microempresas da provincia da Coruña, cun 65,2%, fronte ao 48% das empresas do mesmo tamaño de Lugo.

No caso das empresas de 10 e máis empregados/as, a porcentaxe máis elevada deste indicador rexístrase na provincia de Ourense, cun 91,8%, con 12 puntos porcentuais de diferenza respecto as entidades luguesas do mesmo estrato de asalariados / as.

G.40.EMPRESAS CON SOFTWARE LIBRE SEGUNDO A PROVINCIA
(% sobre o total de empresas con sede en Galicia)




Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir de datos INE, facilitados a través do IGE

En canto aos sistemas operativos libres, as empresas de 0 a 9 empregados / as de Pontevedra, cun 25,9%, destacan en canto á súa utilización mentres que no caso das empresas de 10 e máis empregados/as, destacan as empresas de Lugo.

G.41.EMPRESAS QUE EMPREGAN SISTEMAS OPERATIVOS LIBRES SEGUNDO A PROVINCIA

(% sobre o total de empresas con sede en Galicia)




Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir de datos INE, facilitados a través do IGE

No uso de navegadores de Internet libres destacan as empresas de 10 e máis traballadores / as da provincia de Ourense. No referente ás microempresas, destacando a frecuencia de dispoñibilidade de navegadores libres das entidades da Coruña, cun 58,7%, o que supón 16,6 puntos de distancia respecto as empresas do mesmo tamaño da provincia de Ourense.

G.42. EMPRESAS QUE EMPREGAN NAVEGADORES DE INTERNET DE SOFTWARE LIBRE SEGUNDO A PROVINCIA

(% sobre o total de empresas con sede en Galicia)




Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir de datos INE, facilitados a través do IGE

O uso das aplicacións ofimáticas difire novamente tendo en conta o tamaño da empresa, destacando a porcentaxe do 68,6% das empresas de Ourense de 10 e máis traballadores / as, que avanta 20,9 puntos porcentuais respecto das entidades de Lugo (47,4%).

Nas microempresas, estes contrastes nas diferenzas no uso de aplicacións ofimáticas, prodúcese entre as empresas da Coruña, cun 43,2%, e as entidades de Lugo, con 24,7%, o que incide nunha distancia de 18,5 puntos porcentuais.

G.43. EMPRESAS QUE EMPREGAN APLICACIÓNS OFIMÁTICAS LIBRES SEGUNDO A PROVINCIA

(% sobre o total de empresas con sede en Galicia)




Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir de datos INE, facilitados a través do IGE

No relativo á dispoñibilidade de servidores de web / Internet con licenza libre non se producen diferencias significativas nas empresas de 10 ou máis traballadores / as en relación á provincia, destacando a porcentaxe de uso de servidores de web / Internet libres da provincia da Coruña (25,8%). Non obstante, a diferenza con respecto ás empresas de Lugo é só de 2,4 puntos.

No caso das microempresas, este intervalo entre as empresas que máis empregan solucións libres nos servidores de web/ Internet, é de 4,6 puntos entre as de Pontevedra, cun 11,3%, e as de Ourense, cun 6,7%.

G.44. EMPRESAS QUE EMPREGAN SERVIDORES DE WEB / INTERNET DE SOFTWARE LIBRE SEGUNDO A PROVINCIA

(% sobre o total de empresas con sede en Galicia)




Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir de datos INE, facilitados a través do IGE

A mesma análise para as empresas que empregan aplicacións libres para o procesamento automático de tipo ERP / CRM indica que destacan as entidades de Pontevedra con 10 ou máis empregados / as. No referente as empresas de 0 a 9 asalariados / as sobresaen as de Pontevedra.

G.45.EMPRESAS QUE EMPREGAN APLICACIÓNS LIBRES PARA O PROCESAMENTO AUTOMÁTICO DE TIPO ERP / CRM SEGUNDO A PROVINCIA

(% sobre o total de empresas con sede en Galicia)




Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir de datos INE, facilitados a través do IGE

En canto á utilización nas empresas galegas doutras solucións libres, tales como software de seguridade ou plataformas de aprendizaxe, destacan as empresas de 10 ou máis asalariados / as da provincia da Coruña mentres que, entre as microempresas, a porcentaxe de uso deste tipo de aplicacións libres é maior nas empresas de Pontevedra.

G.46.EMPRESAS QUE EMPREGAN APLICACIÓNS LIBRES COMO SOFTWARE DE SEGURIDADE, PLATAFORMAS DE APRENDIZAXE, SERVIDORES DE CORREO ELECTRÓNICO SEGUNDO A PROVINCIA

(% sobre o total de empresas con sede en Galicia)




Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir de datos INE, facilitados a través do IGE

Con respecto ao uso de aplicacións libres para a análise Big Data, tendo en conta que a utilización do recurso é minoritaria, destacan as empresas situadas na provincia de Lugo.

**G.47. EMPRESAS QUE EMPREGAN APLICACIÓNS LIBRES COMO APLICACIÓNS PARA A ANÁLISE DO BIG DATA
SEGUNDO A PROVINCIA**

(% sobre o total de empresas con sede en Galicia)



Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir de datos INE, facilitados a través do IGE

Posición global

- Durante o 2018 medra o uso do Software libre, concentrado nas microempresas de 0 a 9 traballadores: 6 de cada 10 microempresas galegas emprega solucións libres, experimentando un aumento de 5,6 puntos no último ano.
- O 87,8% das empresas de 10 ou máis traballadores / as con sede en Galicia empregou aplicacións de Software libre e permanecen na quinta posición respecto ao uso do Software libre na comparativa por Comunidades Autónomas..

As tipoloxías de Software libre que máis presenza teñen nas empresas galegas son os navegadores de Internet e as aplicacións ofimáticas.

- Navegadores de Internet libres: continúa destacando como o recurso de Software libre con maior presenza nas empresas galegas. Nas de 10 ou máis traballadores/as a porcentaxe sitúase no 85,9% e nas de 0 a 9 empregados /as acada o 55,1%.
- Aplicacións ofimáticas libres: son as aplicacións que ocupan o segundo lugar en canto a presenza nas empresas de Galicia. O seu uso nas empresas de 0 a 9 traballadores / as é do 38,9% e nas empresas de 10 ou máis con sede na nosa Comunidade, é do 56,8%.
- Software de seguridade, plataformas de aprendizaxe, servidores de correo electrónico: O 27,1% das microempresas emprega esta tipoloxía de software e nas entidades de 10 ou máis empregados / as con actividade en Galicia, a porcentaxe elévase ao 41,2%, ocupando o segundo posto na comparativa por Comunidades Autónomas
- Sistemas Operativos libres: Están presente no 24,1% das empresas de 0 a 9 traballadores / as e nun 42,5% nas de 10 e máis empregados/as con sede ou actividade en Galicia.
- Análise de Big Data: este novo indicador mostra que o 6,2% das empresas galegas de 10 ou máis empregados/as con sede e / ou actividade en Galicia optan por este tipo de aplicacións en software libre.

- **Análise sectorial**

- O sector servizos confírmase como o que máis uso realiza das distintas aplicacións de Software libre, independentemente do tamaño das empresas. Nas microempresas o uso de Software libre achégase ao 64,5% das entidades e nas empresas de 10 ou máis empregados / as é do 90,6%.

- **Análise provincial**

- O tamaño da empresa, en relación á ubicación xeográfica, indica que as microempresas da provincia da Coruña, é onde se rexistra un maior uso de Software libre (65,2%), mentres que nas entidades de 10 e máis empregados/as, é a provincia de Ourense onde se acada a maior dispoñibilidade de solucións libres, cun 91,8%.

Fontes de información

<i>Datos referentes a Galicia</i>	<i>2014, 2015, 2016, 2017, 2018</i>	<i>OSIMGA</i>
<i>Datos referentes a Galicia e España</i>	<i>2014, 2015, 2016, 2017, 2018</i>	<i>INE</i>

